

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 26 DE NOVEMBRO DE 2018

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D^a. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. María Carmen Insua Cabanas (ídem)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA)

D. Carlos Caaveiro Puentes (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-Grupo Mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil dezaioito, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez.

Asiste igualmente a Interventora desta entidade, D^a. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 22/10/2018

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta (12 votos) procede á aprobación da citada acta, coa abstención da Sra. Insua Cabanas, motivada pola súa inasistencia á citada sesión plenaria.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA 11/2018 E 12/2018

O Pleno toma coñecemento dos Decretos da Alcaldía 11/2018 e 12/2018, copias dos cales figuran a disposición dos concelleiros/as xunto coa documentación do presente Pleno.

3º.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+2019

De acordo co ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, emitido en sesión ordinaria de 21 de novembro de 2018, o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros de MOVENEDA, acorda:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da

achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	123.234,82 €
Subtotal gasto corrente	123.234,82 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACION COTO Y BAJADAS PASEO	30.000,99 €	0,00 €	30.000,99 €
Subtotal investimentos achega provincial 2019	30.000,99 €	0,00 €	30.000,99 €

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAVIMENTACION DE CAMIÑOS EN TRASMONTE	50.460,96 €	7.853,80 €	58.314,76 €
PAVIMENTACION ZONA ENTRE RIOS	30.155,48 €	4.693,43 €	34.848,91 €
PAVIMENTACION DE CAMIÑOS EN FONTEVELLA	52.962,71 €	8.243,18 €	61.205,89 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018	133.579,15 €	20.790,41 €	154.369,56 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2019” aplicado á redución da débeda
-----	-----	0,00 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0,00 €

E) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
-----------	------------	----------	-------

A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	123.234,82 €	0,00 €	123.234,82 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	30.000,99 €	0,00 €	30.000,99 €
	Achega 2018	133.579,15 €	20.790,41 €	154.369,56 €
	Préstamo 2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	Achega 2019	153.235,81 €	0,00 €	153.235,81 €
	Achega 2018	133.579,15 €	20.790,41 €	154.369,56 €
	Préstamo 2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	286.814,96 €	20.790,41 €	307.605,37 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
PAVIMENTACION DE VIAL EN CASADELOS	36.085,79 €
PAVIMENTACION ALBARON-MOURELA BAIXA	56.116,85 €
PAVIMENTACION LIÑARES-CHISQUEIRA	31.127,55 €
PAVIMENTACION CHISQUEIRA-GALANOS	36.949,48 €

PAVIMENTACION PUNTAL DE ABAIXO	31.465,42 €
PAVIMENTACION CASANOVA-PIÑON	42.326,20 €
PAVIMENTACION VALLE INCLAN	31.406,02 €
PASO SUPERIOR SOBRE O RÍO BELELLE NO ROXAL (PONTE DO GRILO – ROXAL)	128.984,34 €
TOTAIS	394.461,65 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

DEBATE: Sr. Cabezón Lorenzo: estamos de acordo cos investimentos propostos.

Sr. Pita Galego: como xa dixemos na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, consideramos que non se fixo unha valoración de necesidades, e o noso grupo municipal entende necesarias, por exemplo, obras de eliminación de barreiras arquitectónicas, a balsa contra incendios en Viladonelle, etc. O POS + podería incluír cousas distintas de asfaltado, sen prexuízo de que as obras de asfaltado tamén son necesarias.

Sr. Alcalde: se van facendo moitas cousas, e progresivamente iremos facendo outras moitas.

Sr. Pita Galego: antes da existencia do POS + se facían cousas distintas, ademais do asfaltado de pistas, e se podía seguir por esa liña.

4º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 12/11/2018 SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP SAN ISIDRO

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 12/11/2018, do seguinte tenor literal:

“A Xunta de Goberno coñece de escrito do día 06/11/2018, que remite a Directora do citado centro educativo D^a. Natalia Dopazo Couto, no que, en virtude da Resolución do día 25 de setembro de 2018 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 8 de outubro de 2018) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, solicita a designación de representante do Concello para formar parte como membro de pleno dereito no Consello Escolar do citado Centro e pregan que o nomeamento se lles comunique antes do día 20/11/2018, por ser a data de proclamación de candidatos electos segundo o calendario electoral previsto.

A Xunta de Goberno, dáse por informada e, por unanimidade, acorda:

1º.- Designar á Concelleira de Educación e Cultura, D^a. Cristina Bouza Bellón, como representante deste Concello no citado Conselle Escolar.

2º.- Notificar este acordo ao citado Centro educativo e á Concelleira nomeada.

3º.- Deste acordo darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para a súa ratificación si procede”.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda ratificar o acordo transcrito.

5º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 12/11/2018 SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO ESCOLAR DO IES FERNANDO ESQUÍO

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 12/11/2018, do seguinte tenor literal:

“A Xunta de Goberno coñece de escrito do día 06/11/2018, que remite o Director do citado centro educativo, D. Félix Massó Salgueiro, no que, en virtude da Resolución do día 25 de setembro de 2018 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 8 de outubro de 2018) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, solicita a

designación de representante do Concello para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar do citado Centro, pregan que a designación sexa comunicada á Xunta Electoral do IES antes do día 28/11/18, por ser a data de proclamación de candidatos electos segundo o previsto no calendario electoral.

A Xunta de Goberno, dáse por informada e, por unanimidade, acorda:

1º.- Designar á Concelleira de Educación e Cultura, D^a. Cristina Bouza Bellón, como representante deste Concello no citado Conselle Escolar.

2º.- Notificar este acordo ao citado Centro educativo e á Concelleira nomeada.

3º.- Deste acordo darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para a súa ratificación si procede”.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda ratificar o acordo transcrito.

6º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19/11/2018 SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP MACIÑEIRA

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 12/11/2018, do seguinte tenor literal:

“A Xunta de Goberno coñece de escrito do día 06/11/2018, que remite D. Felipe Vila Garrido, en calidade de Director do citado centro educativo, sito na Estrada do Roxal, 17, 15510- Neda; no que, en virtude da Resolución do día 25 de setembro de 2018 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 8 de outubro de 2018) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, solicita a designación de representante do Concello para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar do citado Centro, pregan que a designación sexa comunicada á Xunta Electoral do Colexio antes do día 21/11/18, por ser a data de proclamación de candidatos electos segundo o calendario electoral previsto.

A Xunta de Goberno, dáse por informada e, por unanimidade, acorda:

1º.- Designar á Concelleira de Educación e Cultura, D^a. Cristina Bouza Bellón, como representante deste Concello no citado Conselle Escolar.

2º.- Notificar este acordo ao citado Centro educativo e á Concelleira nomeada.

3º.- Deste acordo darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para a súa ratificación se procede”.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda ratificar o acordo transcrito.

7º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR TRANSFERENCIA ENTRE PARTIDAS DE DISTINTO GRUPO Nº 47/2018

Para a súa aprobación polo Pleno, e previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, preséntase a seguinte Memoria-Proposta da Alcaldía:

“De conformidade co artigo 37.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, redáctase a presente MEMORIA XUSTIFICATIVA da necesidade de aprobación do expediente de modificación de créditos na modalidade de transferencias de créditos entre partidas de distinto grupo.

A modificación de créditos proposta como expediente de modificación de créditos do orzamento vixente é a número 47/2018, presentando en canto a gastos e ingresos o seguinte detalle:

APLICACIÓN	C O N C E P T O	IMPORT E
332112101	Complemento específico praza bibliotecario	10.000,00
332116000	Seguridade social praza bibliotecario.	5.000,00
92012101	Complemento específico funcionarios.	11.800,00
92016000	Seguridade social funcionarios	20.000,00
	TOTAL.....	46.800,00
APLICACIÓN	C O N C E P T O	IMPORT E
162227799	Traballos limpeza e recollida refugallos.	15.000,00
24113100	Seguridade social persoal fomento emprego	1.800,00
33822799	Gastos festas e outros actos.	5.000,00
33422699	Gastos actividades culturais	10.000,00
34222609	Gastos diversos instalacións deportivas	10.000,00
43222699	Gastos diversos turismo	5.000,00
	TOTAL.....	46.800,00

En base o anterior e de conformidade co establecido no artigo 179 do TRLHL, propónse o Pleno do Concello que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente o citado expediente de modificación de créditos por transferencias de crédito entre partidas do distinto grupo no orzamento 2018, de acordo co detalle indicado.

SEGUNDO.- Someter o citado acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública no Boletín Oficial de Provincia e no Taboleiro de edictos do Concello, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da súa publicación, aos efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar alegacións perante o Pleno da Corporación, de acordo co disposto no artigo 177, en relación co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/20004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.-Aprobar con carácter definitivo dito expediente se contra o mesmo non se presentan reclamacións durante o período de exposición pública.

CUARTO.-Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no BOP e taboleiro de anuncios.

QUINTO.-Remitir copia autorizada do expediente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma simultaneamente ao envío o BOP.

Por todo o exposto tramítese dito expediente, para o que se emitiron os informes que son preceptivos de acordo co establecido no Real decreto 500/90, do 20 de abril e no Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais.”

Figura no mesmo o informe emitido pola Interventora municipal tal como establece a lexislación vixente.

DEBATE: Sr. Cabezón Lorenzo: estamos de acordo.

Sr. Pita Galego: como xa dixemos na Comisión Informativa, non estamos de acordo en que non se convoquen prazas de persoal, xa que outros concellos o fan, e a Lei de orzamentos xerais do Estado o permite, e por tanto, non estamos de acordo en que se aproben inicialmente partidas de gastos de persoal, e que logo non se convoquen as prazas dotadas orzamentariamente, facendo con tales importes modificacións de créditos.

Sr. Alcalde: consideramos que non se poden convocar de momento as prazas vacantes, para a súa provisión con carácter definitivo, e estamos asesorados neste sentido polos servizos técnicos, de xeito tal que, cando se poida, as convocaremos.

VOTACIÓN: o Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros de MOVENEDA, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE O SECTOR ELÉCTRICO

A Concelleira do BNG, Sra. Bouza Bellón, defende a moción, do seguinte tenor literal:

MOCIÓN SOBRE O SECTOR ELÉCTRICO

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía

eléctrica imposible de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.

Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como “beneficios chovidos do ceo”, especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo mais elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármonos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013. Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo

deulles a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que deben sernos compensarnos.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuiría a asentarmos o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal do Concello de Neda a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central

- 1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.**
- 2. Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.**
- 3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.**

DEBATE: Sra. Pena Barcia: ímonos abster, porque aínda que estamos case en completo acordo, o punto primeiro da parte dispositiva, relativo á rebaixa do IVE, vai falsear as decisións impositivas sobre o sector eléctrico, e nós consideramos que hai que facer unha rebaixa total do sistema fiscal do sector eléctrico.

Cos outros dous puntos da parte dispositiva estamos de acordo, e xa o PSdeG-PSOE o solicitou no Parlamento de Galicia.

Sr. Cabezón Lorenzo: totalmente de acordo coa moción.

Sr. Pita Galego: a favor da moción, posto que nós xa presentamos unha moción neste senso en 2015, para levar a cabo unha iniciativa lexislativa popular en contra da pobreza enerxética.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 7 votos a favor dos Sres. Concelleiros de BNG (Grupo Mixto), PP e MOVENEDA, e 6 abstencións dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE e CG (Grupo Mixto), presta aprobación á transcrita moción.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MOVENEDA SOLICITANDO O APOIO DO PLENO A XESÚS ANXO LÓPEZ PINTOS E REXEITANDO A APLICACIÓN DA CHAMADA “LEI MORDAZA”

O portavoz da formación, Sr. Pita Galego, defende a moción, do seguinte tenor literal:

D. Juan Carlos Pita Galego, concelleiro do Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA e integrante do Grupo Municipal MOVENEDA do Concello de Neda, actuando como voceiro do mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte

MOCIÓN solicitando o apoio de Pleno a Xesús Anxo López Pintos e rexeitando a aplicación da chamada “lei mordaza”

Rematada a fase de instrución, o Xulgado de Instrución 3 de Ferrol ven de emitir auto polo que abre xuízo oral e sinala a competencia da Audiencia Provincial para xulgar os feitos que sucederon no marco dunha protesta convocada polo comité de Navantia e Poligal, con motivo dun acto electoral do PP en Ferrol, no inicio da campaña ás eleccións autonómicas de 2012.

Acórdase así abrir xuízo oral que se desenvolverá na Audiencia Provincial dada a gravidade das acusacións. En canto ás acusacións, por parte da Fiscalía atribúese ao compañeiro Pintos un delito de atentado e una falta de lesións. Lembramos que nas conclusións provisionais da Fiscalía en 2013 nos se facía referencia á carga policial (que foi no seu momento cualificado como “brutal” por parte das organizacións sindicais da

comarca), nin tampouco a como se produciu a detención de Pintos e moito menos á denuncia que este presentou por torturas e malos tratos na propia comisaría.

Mais tamén a aquela altura o Partido Popular, facendo valer a súa maioría absoluta, buscaba reprimir a contestación social a todo este paquete de políticas neoliberais perfectamente deseñadas, mediante o endurecemento do Código Penal e a imposición da coñecida como “Lei Mordaza”. Ben é certo que o PP finalmente decidiu retirar a denuncia contra Pintos, una denuncia que nunca deberían de ter presentado, peor o caso é que o proceso xudicial segue o seu curso. Non é de recibo que un conveciño de Ferrolterra poida entrar na cadea por participar nunha protesta unitaria onde estábamos todos e todas aqueles que defendíamos o futuro da comarca. Naquela protesta estaban presentados sindicatos, comités de empresa, partidos políticos, etc. A consigna debería ser ou todos ou ningún. Pintos non pode ser a “cabeza de truco” que meta o medo no corpo aos traballadores e traballadoras que queiran facer uso a lexítima protesta na rúa.

O xuízo contra Pintos convírtese deste xeito nun xuízo contra a clase traballadora máis consciente, e supón a aplicación máis desapiadada da inxusta “lei mordaza”. Defendemos a idea de que os traballadores e traballadoras, nun estado de dereito, non poden pagar con cadea a súa participación nunha protesta, este é un feito inadmisíble. É a nosa obriga denunciar que a actual lexislación deixa en total indefensión a todas e todos os que protestan na rúa, nas redes, e a todos os niveles, por defender os dereitos e os intereses da clase traballadora.

Neste contexto de deterioración socioeconómica e do Estado de Dereito, foi no que os comités de Navantia e Poligal acordaron realizar unha concentración ás portas do Hotel Almirante, na noite do 4 de outubro de 2012, coincidindo co acto de PP de inauguración da campaña ás eleccións autonómicas dese ano. A protesta, de corte pacífico, rematou cunha actuación policial desmedida e a detención de Pintos. Entendemos que o caso de Pintos é un exemplo do retroceso lento pero inexorábel no exercicio dos dereitos civís que se está a vivir no Estado español e dos métodos represivos e antidemocráticos aos que a dereita neoliberal recorre para acalar aquelas voces críticas coas súas políticas de recortes. Fronte a isto ratificámonos na defensa “intransixente” do sistema de garantías e liberdades, conquista histórica do movemento obreiro. Sen un estado garantista non hai democracia.

Por todo iso, presentamos para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

- 1.Solicitar a retirada da chamada “lei mordaza” e que deixe de aplicarse de inmediato.
- 2.Manifestar o apoio solidario co ex-dirixente sindical Xesús Anxo López Pintos.
- 3.Solicitar que non sexa aplicada a “lei mordaza” ás traballadoras e traballadores que como Xesús Anxo López Pintos exercen o seu lexítimo dereito á protesta.

DEBATE: Sra. Pena Barcia: esta moción mezcla lei mordaza cun procedemento distinto, de tipo penal, que se sigue contra o Sr. Pintos. No ano 2012, cando se producen estes feitos, non había lei mordaza. Cando se aprobou esta lei, dende o PSOE a consideramos un grave erro do goberno do PP, e a recorreremos perante o Tribunal Constitucional. Hoxe, aínda que as maiorías nas Cortes Xerais, especialmente no Senado, fan difícil a súa derogación, o PSOE traballa para a súa modificación, e cando se poida, para a súa derogación.

Respecto ao apoio ao Sr. Pintos, na moción presentada faltan moitos datos obxectivos: feitos probados, instrución xudicial, etc.; temos que dicir que o PSOE non xustifica a violencia, e ademais respectamos as decisións xudiciais, e por tanto desexamos que neste asuntos se lle faga xustiza ao Sr. Pintos.

Por estas razóns, e mentres non se desvirtúe a presunción de inocencia, votamos a favor da moción presentada.

Sra. Bouza Bellón: estamos de acordo coa moción que se presenta.

Sr. Cabezón Lorenzo: o PP retirou a acusación, e por tanto ímonos abster.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de MOVENEDA, PSdeG-PSOE e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 abstencións dos Sres. Concelleiros do PP, presta aprobación á transcrita moción.

10º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ALCOA, E DEMANDANDO SOLUCIÓN AO ANUNCIADO PECHE

Previo ditame da Comisión Informativa, a proposta da Concelleira do BNG, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda aprobar a seguinte declaración institucional:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro a empresa Alcoa comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña.

O grupo conta na Coruña con preto de 400 traballadores e traballadoras, polo que a consumación do peche tería un enorme impacto na cidade e na súa contorna, ademais de contribuír á perda de tecido industrial en Galiza.

Unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 40% dos custos de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de poxas de interrompibilidade por un marco máis estábel, demanda tamén do propio sector electrointensivo, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, están de extrema actualidade. Poñer solución a esta crise e aos

graves problemas que supón o marco eléctrico por inestábel e polo constante incremento do prezo depende de decisións políticas.

Por iso, o Pleno da Corporación municipal do Concello de Neda adopta o seguinte acordo:

ACORDO

- 1. Expresar o apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa e ás súas mobilizacións.**
- 2. Demandar da Xunta de Galiza a realización de todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:**
 - a) Solicitar inmediatamente da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego.**
 - b) Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea participación ao cadro de persoal, entidades sociais e administracións comprometidas coa súa permanencia.**
 - c) Negociar co goberno central un marco enerxético estábel para a industria do noso país que permita unha tarifa eléctrica galega que mellore a nosa competitividade por sermos produtores excedentarios de enerxía, contribuíndo ao abaratamento da factura destas industrias baixo o cumprimento dunha serie de compromisos de investimento e mantemento dos postos de traballo.**

11º- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AO CONFLICTO DAS TRABALLADORAS DOS PAC

Previo ditame da Comisión Informativa, a proposta da Alcaldía, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda aprobar a seguinte declaración institucional:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os PAC, Puntos de Atención Continuada do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), distribuídos por toda Galicia, prestan asistencia sanitaria en horario comprendido entre 15:00 e 8:00 horas en días laborables e 24h en domingos e festivos. As condicións de traballo regúlanse pola Orde de 4 de xuño de 2008 pola que se publican determinados acordos sobre ordenación e provisión de postos de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito da atención primaria do SERGAS.

Fai máis de 10 meses as traballadoras dos PAC presentaron por escrito ao SERGAS una táboa na que se recollían as necesidades, deste colectivo, para poder realizar o traballo en condicións de seguridade e coa suficiente calidade asistencial e solicitando a

recuperación de dereitos contemplados na orde que regula as condicións de traballo do PAC.

As reivindicacións do colectivo son as seguintes:

- Equipos paritarios de enfermaría e persoal médico
- Revisión dos plans funcionais de cada PAC para todas das necesidades actuais en cada centro.
- Cumprimento das normativas europeas de tempo de traballo
- Dotación de Equipos de Protección individualizados, segundo se recolle na Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- Computo real da xornada realizada e manter as 1451h de xornada efectiva. Que non se lles apliquen penalizacións en situación de incapacidade temporal ou permisos de conciliación familiar.
- Eliminación dos obxectivos o ítem de derivación de doentes do PAC ao hospitalaria.
Derívanse doentes por patoloxía non por número
- Esiximos o pago inmediato do 100% dos complementos de festividade e nocturnidade conxelados desde o 2010
- Abono de dietas en domingos e festivos por comida e cea
- Elaboración de calendarios de traballo dando prioridade ao persoal do PAC.

Tras a convocatoria da Comisión Técnica e varias reunións estériles nas cales o SERGAS non achegou ningunha proposta para solucionar e corrixir as demandas presentadas, as e os traballadoras/es dos PAC víronse na obriga de ir a una convocatoria de Folga para que as súas reivindicacións, xustas e básicas, sexan escoitadas.

Despois de 1 mes desde a convocatoria de folga o SERGAS fai oídos xordos aos problemas dos e das traballadoras dos PAC, coa repercusión negativa que as carencias nos PAC teñen sobre a saúde os usuarios destes servizos.

Polo anteriormente exposto o Pleno do Concello demostra a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras dos PAC, e insta á Consellería de Sanidade e ao SERGAS a negociar cos traballadores/as da sanidade pública as demandas laborais e asistencias presentadas polo colectivo.

A sanidade pública é un dereito de todos/as”.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén en primeiro lugar o **Sr. Caaveiro Puentes**, Concelleiro do grupo municipal de MOVENEDA, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Empezaron as obras de colocación de marquesinas?

2º.- Se van retirar os carteis de obras antigas, que aínda permanecen postos en diversos lugares?

3º.- Queremos coñecer como está a reclamación pola rotura de tuberías na Peteirella.

4º.- Vemos que se están substituindo nomes de rúas por aplicación da lei de memoria histórica, pero en base a que ditame? Porque o certo é que hai tempo que non se convoca a Comisión municipal de memoria histórica.

5º.- Queremos saber que colocou as tuberías soterradas da Mourela do Medio, si o Concello ou Viaqua.

6º.- Se eliminaron barreiras arquitectónicas en Xeneral Morgado? Cales?

7º.- Na Buhída hai algunha tajea tupida?

8º.- Nunha das Xuntas de Goberno de outubro se toma coñecemento do informe de Viaqua sobre abastecemento de auga, hai algún problema que se poña de manifesto?

9º.- En canto á posible devolución da fianza das obras de reparación da cuberta do pavillón polideportivo, se fai facer algo ao respecto?

10º.- En As Pontes se entregaron quince equipos contra a pobreza enerxética, aquí se fixo algo ao respecto?

11º.- Pare ser que algúns escritos dirixidos á Alcaldía non chegar, sucede algo ao respecto?

Para dar resposta ás preguntas formuladas, toma a palabra en primeiro lugar o **Sr. Alcalde**:

1º.- As marquesinas están xa a punto de colocarse.

2º.- Os carteis de obras antigas, imos empezar a retiralos canto antes.

3º.- En canto aos danos causados nas tuberías da Peteirella, hoxe mesmo se está celebrando o xuízo nos xulgados de Ferrol.

4º.- Na Mourela do Medio se puxeron unhas tuberías que eran necesarias, os materiais os aportou Viaqua, e a man de obra o Concello.

5º.- En cantos as barreiras arquitectónicas seguimos traballando cara a eliminación de todas as que poidan existir.

6º.- As tajeas de Balbís se limparon con urxencia porque cando chovía estaba entrando auga nas casas das zonas próximas.

7º.- En canto ao informe de Viaqua sobre abastecemento de auga, está a disposición dos concelleiros.

8º.- Estamos esperando o informe de FAEPAC, Fundación con quen asinamos un convenio, para implementar equipos contra a pobreza enerxética, igual que fixeron en As Pontes.

9º.- En canto aos escritos dirixidos á Alcaldía, chegan todos sen problema, sen prexuízo de que poida haber algún problema puntual.

Seguidamente toma a palabra a **Concelleira Sra. Bouza Bellón** para dar resposta a pregunta sobre as comisións de memoria histórica:

1º.- Na Comisión de memoria histórica se tomou o acordo de retirar as tres placas que efectivamente se retiraron.

Sr. Caaveiro Puentes: en todo caso, a Comisión leva tres meses sen convocarse.

Sra. Bouza Bellón: non é unha comisión permanente, senón que ao terminar o seu traballo se disolverá; pero para respostarlle direi que a convocaremos próximamente.

Por último, intervén o **Concelleiro Sr. Seijo Martínez**, para dar resposta á pregunta formulada sobre a devolución de fianza relativa as obras do tellado do pavillón polideportivo:

1º.- Se fixo ao efecto un requirimento á empresa contratista, dándolle un prazo, que remataba esta semana, para tratar de resolver os problemas existentes.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e coarenta e seis minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certificado.

O Alcalde

O Secretario Xeral